

Día das Letras Chairegas

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2001]). “Día das Letras Chairegas”. En Asociación Cultural Xermolos, *Manuel María*. Lugo: Ophiusa, 609. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1222>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2004). “Día das Letras Chairegas”. En Asociación Cultural Xermolos, *Manuel María*. Lugo: Ophiusa, 609.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DÍA DAS LETRAS CHAIREGAS

Xabier Cordal

Co esforzo de varias compañeiras e compañeiros de todos os centros de ensino da Terra Chá, o ano 2000 quere converterse no ano de Manuel María nesta comarca; unha festa que convida á homenaxe ao autor na nación enteira. Coa súa obra non debe darse o que aconteceu con outros ilustres nomes, abondo citados e escasamente lidos. E a mellor garantía de que tal non suceda é levar os textos á rapazada, para que viva entre ela e ela esfolle nos libros, os discuta, os declame e queden así sempre abertos nos andeis da casa e nos lugares máis básicos da memoria.

A nós, á Comisión organizadora do Día das Letras Chairegas (www.lettraschairegas.com), a palabra “comarca” parécenos de seu universal. Éo porque as comarcas foron e son o material de construción do que entendemos por Galicia, moi lonxe de connotacións costumistas e de dialécticas campo-cidade tan alleas á urbe continua –se queredes, aldea global– na que nos articulamos. Este modesto propósito, logo, só grande na medida en que o é o propio Manuel María (xunto á ben sorprendente nómina, en número e calidade, de literatas e literatos da chaira), consiste en dedicar cada ano dos vindeiros a unha figura viva das nosas letras. Estamos convencidos de que, igual que o Concello de Castro de Rei, as institucións e asociacións da comarca han colaborar xenerosamente coa iniciativa.

Figuran nestas páxinas magníficas reflexións sobre a presenza e a obra do autor de Outeiro de Rei; elas fan prudente deixarmos espacio para sumar a penas os nosos parabéns e o desexo de que estes cincuenta anos de actividade de Manuel María sexan acompañados de moitos anos e moitas publicacións máis. Eu recordo imberbe, aí á volta de vinte anos, as primeiras veces que vin o seu nome escrito: na capa dun disco de *Fuxan os Ventos*, ou na exposición itinerante que organizou a Frente cultural da ANPG, onde se abrían as *Rúas do vento ceibe*, non lonxe dun mapa da Europa con estrelas vermellas sobre cada nación afogada polo que seica xa non é moda chamar “fase superior do capitalismo”. Lémbroo hai dez anos –onte–, na comida posterior a un Congreso acerca de Álvaro Cunqueiro, confesándonos aos alí reunidos a mesma verdade que lle dixera ao mindoniense: “hai poemas que me admiran, pero non me conmoven”: a mellor das autopoéticas posibles. Manuel María, desde hai tantos anos recoñecido neste país, pero tan realmente pouco coñecido como o seu mestre Otero Pedrayo. Manuel María, nunca soberbio e sempre xeneroso coas novas e cos novos, presentándolle, por exemplo, ao narrador Xe Freyre unha das grandes novelas dos oitenta; Manuel María nos recitais e nas conferencias, coche vai e coche vén, capaz de escribir poemas populares sen poñerse a finxir nin o un nin o outro. O poeta urgente, o poeta profundo; as súas canles de luz, en fin, poboando Galicia de vagar baixo a mesma ollada feita de calexos teimudos e insondables.